# DEREITOS DE AUTOR E LICENZAS

XANEIRO
2023



JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ
JULIO.MOSQUERA@EDU.XUNTA.GAL

Os contidos desta obra distribúense baixo licenciamento CC BY-SA 4.0

# QUE IMOS VER?

## Propiedade Intelectual



Dereitos de autor

## Tipos de licencias



- Copyright
- Copyleft
- Creative Commons

## Limitacións á Propiedade Intelectual



- Citas
- Fins educativos
- Copia privada
- …

## Recursos educativos abertos




- Reutiliza
- Redistribúe
- Revisa
- Combina

# PROPIEDADE INTELECTUAL. DEREITOS DE AUTOR

A **Propiedade Intelectual** é o conxunto de dereitos que lles corresponden aos autores e outros titulares (artistas, productores, organismos de radiodifusión, etc.) respecto das obras e prestacións froito da súa creación.

**Ámbito internacional**

- Propiedade intelectual engloba:
  - Obras (literarias, artísticas, científicas)
  - Patentes
  - Marcas
  - Inventos

**Ámbito estatal**

- Existe normativa LPI
- Existe normativa específica Propiedade Industrial
- **Copyright = Dereitos de autor**

**Dous tipos de dereitos**

- Morais
- Patrimoniais



# PROPIEDADE INTELECTUAL. DEREITOS DE AUTOR

## Que é unha obra

- Libros, folletos e outros escritos
- Apuntamentos, exames, presentacións
- Obras dramáticas ou musicales
- Obras de cine
- Fotografías
- Cómics
- Grabacións sonoras
- Programas informáticos
- Entrevistas
- Páxinas web
- Ilustraciones, mapas, planos, croquis, …

**A protección legal e moral dunha obra é automática**




# TIPOS DE LICENCIAS

COPYRIGHT

COPYLEFT

CREATIVE COMMONS

DOMINIO PÚBLICO

# TIPOS DE LICENCIAS

## Copyright

- O **copyright** é o dereito exclusivo dun autor, editor ou xestor para explotar unha obra literaria, científica ou artística durante certo tempo. Isto significa que non podemos facer uso de **ningún** tipo sen pedir permiso a quen posúa os dereitos desa obra. O símbolo do Copyright © informa de que unha obra é orixinal e que o seu uso, reprodución, transformación e/ou publicación está suxeita a dereitos de autor.

## Copyleft

- O **copyleft** propón compartir e reutilizar as obras impulsando o uso de licenzas libres, coas que o autor posuidor dos dereitos de autor resérvase o modo en que se pode compartir, alterar ou republicar as súas obras. (p.e: GPL, LGPL, MPL, BSD, ...)

COPYRIGHT

COPYLEFT

# TIPOS DE LICENCIAS

CREATIVE COMMONS

Creative Commons é unha **organización non gobernamental e sen ánimo de lucro** que brinda a todas as persoas e organizacións do mundo un sistema gratuíto, simple e estandarizado para conceder permisos de dereitos de autor en traballos creativos; garantir a atribución adecuada; e permitir que outros copien, distribúan e fagan uso desas obras dentro da lei e os desexos dos autores.

## LICENCIAS CREATIVE COMMONS

| LICENCIA | PERMITE | SIEMPRE QUE |
|---|---|---|
| BY<br>Reconocimiento (BY) | Compartir (copiar y redistribuir) y adaptar (remezclar, transformar y construir a partir del material), incluso para fines comerciales. | ■ Se reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada. |
| BY SA<br>Reconocimiento - Compartir Igual (BY-SA) | Compartir (copiar y redistribuir) y adaptar (remezclar, transformar y construir a partir del material), incluso para fines comerciales. | ■ Se reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada.<br>■ Se licencie la nueva creación (en su caso) bajo condiciones idénticas (BY-SA) |
| BY ND<br>Reconocimiento - Sin Obra Derivada (BY-ND) | Compartir (copiar y redistribuir) el material, incluso para fines comerciales. | ■ Se reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada.<br>■ No se distribuyan modificaciones de la obra original. |
| BY NC<br>Reconocimiento - No Comercial (BY-NC) | Compartir (copiar y redistribuir) y adaptar (remezclar, transformar y construir a partir del material). | ■ Se reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada.<br>■ No se utilice con propósitos comerciales. |
| BY NC SA<br>Reconocimiento - No Comercial - Compartir Igual (BY-NC-SA) | Compartir (copiar y redistribuir) y adaptar (remezclar, transformar y construir a partir del material). | ■ Se reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada.<br>■ No se utilice con propósitos comerciales.<br>■ Se licencie la nueva creación (en su caso) bajo condiciones idénticas (BY-NC-SA) |
| BY NC ND<br>Reconocimiento - No Comercial - Sin Obra Derivada (BY-NC-ND) | Compartir (copiar y redistribuir) el material. | ■ Reconozca la autoría de la obra original de forma adecuada.<br>■ No se utilice con propósitos comerciales.<br>■ No se distribuyan modificaciones de la obra original. |

Infografía perteneciente al REA "Guía práctica de licencias de uso para docentes" del Proyecto EDIA

FUENTE: https://creativecommons.org/

cedec CENTRO NACIONAL DE DESARROLLO CURRICULAR EN SISTEMAS NO PROPIETARIOS
BY SA
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

# TIPOS DE LICENCIAS

DOMINIO PÚBLICO

Unha obra pode acadar o "status" de domínio público de duas formas:

1. En **España**, pasan a domínio público 70 anos despois da morte do autor ou 80 se faleceu antes de 1987,

2. Definimos a obra con licenciamento Creative Commons 0 de forma específica.

# LIMITACIÓNS AOS DEREITOS DE AUTOR

Existen limitacións á propiedade intelectual referidos aos dereitos de explotación.

- A utilización de obras **con obxectivos paródicos ou humorísticos**.
- A utilización de **extractos** ou partes dunha obra para información de actualidade.
- **Obras situadas na vía pública**.
- **O desenvolvemento de procedementos administrativos**, xudiciais ou parlamentarios.
- **As entidades de interese público** e de carácter cultural, científico ou educativo, e sen ánimo de lucro, poden utilizar, reproducir e prestar gratuitamente obras con dereitos sempre que o fagan sen afán pecuniario, é dicir, só con fins de investigación ou para facilitar o acceso á información cultural.
- **A copia privada**: permite a reprodución de obras xa divulgadas sen autorización sempre que se accedera a ela legalmente e se faga a título persoal, para uso privado e non comercial.
- ***Fins educativos*** *ou científicos: o profesorado de ensino regulado en centros integrados no sistema educativo español e o persoal de universidades e organismos públicos de investigación na súa función de ensino e investigación científica non requirirán autorización do posuidor dos dereitos de autor. Nestes casos considérase que o que se distribúe ou pública son fragmentos das obras e non estas na súa totalidade.*
- **Citas**: a inclusión de fragmentos dunha obra procedentes doutra non require o permiso do autor da esta obra, sempre que sexa con obxectivos de cita, análise, comentario ou recensión crítica. Aquí aplica o anteriormente descrito como fin educativo ou de investigación. O que si é fundamental nunha cita é o recoñecemento da fonte e o nome do autor da obra citada.

Os **Recursos Educativos Abertos** (**REA**), tamén coñecidos en inglés como Open Educational Resources (**OER**), son documentos, materiais e contidos educativos ofrecidos libre e abertamente para que calquera os poida empregar para ensinar, aprender ou investigar.




# RECURSOS EDUCATIVOS ABERTOS

Recursos Educativos Abiertos

Para que unha obra se considere REA debe distribuirse con licenciamento **CC0**, **CC-BY** ou **CC-BY-SA**

# RECURSOS EDUCATIVOS ABERTOS



# GRACIÑAS

JULIO MOSQUERA GONZÁLEZ

JULIO.MOSQUERA@EDU.XUNTA.GAL

***Atribución das imaxes empregadas:***

- *Composición de portada obtida do blog de Enrique Dans baixo licencia CC BY 3.0*
- *Imaxe de citas e libro obtida da biblioguía da Unex baixo licencia CC BY-NC-SA 4.0*
- *Imaxe de cabeza con engranaxes obtida de Freepik.es e posteriormente modificada*
- *Iconas dos licenciamentos de Creative Commons extraídas da Web Creative Commons Downloads baixo licencia CC BY 4.0*
- *Iconas de Copyleft, Copyright extraídas de Wikimedia Commons, con dominio público CC0*
- *Imaxe de Recursos Educativos Abertos extraído da Wikipedia, de Jonathasmello baixo licencia CC BY 4.0*
- *Infografías de REA, Semáforo de licenzas, tipos de licencia, e ¿Quién protege nuestros derechos? CC extraídas do Cedec Intef baixo licencia CC BY-SA 4.0*